

TEATRO DO NOROESTE, é unha compañía que ten no seu dilatado currículo a posta en escena de diversas montaxes de textos clásicos, como "Medea" de Eurípides, "Rei Lear" , "Macbeth" ou "Noite de Reis" de William Shakespeare, "As vodas de Fígaro" de Caron de Beaumarchais, ou clásicos máis recentes como "Galileo Galilei" de Bertolt Brecht ou "Os Xustos" de Camus. O obxectivo de todas estas postas en escena foi achegar os grandes textos da dramaturxia universal ós espectadores galegos, pero sempre dándolles unha visión actual e moderna, tratándoos coma textos vivos e non coma material arqueolóxico. O teatro é unha arte viva e precisa dunha visión actual. Neste listado de textos faltaba incorporar unha montaxe sobre un texto clásico da literatura española, foi por iso polo que esta compañía decidiu montar "A Celestina", texto inaugural da lingua castelán.

"A Celestina" de Rojas é un texto monumental a tódolos niveis, imposible de afrontar na súa totalidade, pero a actitude coa que TEATRO DO NOROESTE se enfrenta ós seus traballos non é científica, se non artística, trata de expresar no escenario aquilo que lle provocan o traballo libre sobre os textos ós que se achega. Non se trata de "montar escenicamente" á "Celestina", se non de realizar un traballo teatral "sobre" "A Celestina".

Para TEATRO DO NOROESTE, a "Celestina" é sobre todo unha historia de amor tolo, (amor fou), desas que case só se dan na literatura. Se tan namorados están Calisto e Melibea, e sendo os dous de alto berce, ¿por qué non casan? Non hai nada que llo impida. Pero iso non importa, non casan porque o único que queren e vivir "desaforadamente" o seu amor, naquel tempo en que a vida e a morte se fundían sen excesivas fronteiras.

Se precisaba, pois, incorporar ó día de hoxe, elementos tan específicos como a mestura entre vida e morte, o amor desesperado, a precipitación, e por outra banda, a materialidade e a traizón. Decidiuse por trasladar as aventuras destes amantes a un ambiente de mafiosos e narcotraficantes, pero só é unha translación estética. Os narcotraficantes desta "Celestina" teñen que ver tanto cos reais coma os "gansters" das películas americanas cos verdadeiros mafiosos do Chicago dos anos trinta. Trátase, en definitiva, de volver ó de sempre, contar unha historia bonita dun xeito atractivo e singular. Con "A Celestina, comedia dos tolos amores de Calisto e Melibea", TEATRO DO NOROESTE, segue fiel ó seu obxectivo de propoñer meditar divertindo. Unha comedia desaforadamente tola.